



O **GRUPO MUNICIPAL POPULAR**, a través do seu portavoz, D. Fco. Javier Rodríguez Medela, ao amparo do establecido nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno, a seguinte:

"MOCIÓN EN DEFENSA DO ESTADO DAS AUTONOMIAS "

Que se basea nesta:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

España é unha nación plural chea de singularidades que é produto dunha longa historia, pero sobre todo da libre decisión dos seus cidadáns e da vontade democrática dos pobos que a componen.

España é como os españois quixemos que fose cando recobramos a democracia. España é como decidiron os cidadáns dos diferentes territorios, conscientes de que o Estado das Autonomías era a mellor fórmula de artellar unidade e diversidade.

Galicia, como parte desa España, e os galegos, como titulares dos seus dereitos democráticos, fomos protagonistas dese gran pacto histórico. Máis do 90% dos votantes galegos apoiaron a Constitución española no referendo que se celebrou o 6 de decembro de 1978.

Na Constitución española de 1978 recoñécese e garántese a autonomía dos municipios, así como o principio de solidariedade entre as diversas partes do territorio español. Por iso, nin Galicia, nin os galegos, nin tampouco os concellos debemos permanecer alleos aos intentos fraudulentos de liquidalo.

Por iso, a declaración secesionista que determinadas formacións políticas queren levar ao Parlamento de Cataluña é un desafío ao marco de convivencia e concordia que representa a nosa Constitución.

A irresponsabilidade, a deslealdade ou o cálculo persoal e partidario non poden estar por riba dun marco de entendemento e convivencia no que soñaron os españois e galegos de antano, no que vivimos os españois e galegos de hoxe, e no que queremos que viven harmoniosamente os españois e galegos de mañá.

Opoñémonos ás tentativas de dividir, porque así defendemos un legado, un presente e sobre todo un futuro que desexamos limpo de tensións e confrontamentos. Estamos convencidos de que a unidade en torno á España das Autonomías e á Constitución das liberdades, permitirá superar este momento difícil cunha responsabilidade clara e inequívoca.

Por tanto, propoño ao pleno do concello de Chantada a aprobación dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: Instamos ao concello de Chantada a manifestar a súa firme intención de defender e por en valor o Estado das Autonomías e os dereitos e liberdades garantidos pola Constitución española.

SEGUNDO: Rexeitamos calquera actuación ou declaración que atente contra a unidade de España e poña en risco o actual marco de convivencia e concordia.

TERCEIRO: Instamos a todas as Institucións democráticas a defensa do Estado de Dereito e ao cumprimento da legalidade ante calquera actuación que atente contra a indisoluble unidade da nación española.

CUARTO: Comunicar estes acordos á Xunta de Galicia e ao Goberno de España.

En Chantada, a 05 de Novembro de 2015



Asdo.: Portavoz do Grupo Municipal Popular

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA